

# BANDO

## Axudas Individuais para persoas con Discapacidade 2017

Infórmase á veciñanza que a **Consellería de Política Social**, abre o prazo de presentación de solicitudes de Axudas Individuais para a adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal, así como a adquisición de servizos complementarios de asistencia persoal que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2017, para persoas con discapacidade.

### Requisitos

- Ter recoñecido ou estar en condicións de ter recoñecido un Grao de Discapacidade do 33% con anterioridade ao 11/04/2017
- Estar empadroada/o e ter residencia nalgún concello de Galicia
- Que a necesidade da axuda solicitada derive da tipoloxía de discapacidade recoñecida e que manteñan a súa vixencia no período de referencia concretado no proxecto de intervención obxecto de subvención
- Que a capacidade económica da persoa solicitante, non supere o 200 % do IPREM vixente
- Non percibir durante o ano 2017 outras axudas para o mesmo fin

### Incompatibilidades

Quedan excluídas desta convocatoria as persoas beneficiarias dun servizo ou dunha prestación económica ben sexa a través do Sistema para a autonomía e atención á dependencia e/ou do Sistema galego de servizos sociais incluído como prestación do catálogo do SAAD, agás se solicitan a axuda para a adquisición de servizos complementarios de asistencia persoal ou para a adquisición do servizo de acompañamento e intérpretes.

### Presentación de solicitudes:

As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse preferentemente de forma electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365, que pode solicitar accedendo á web <https://sede.xunta.gal/chave365>.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel.

**O prazo de presentación de solicitudes remata o 12 de maio.**

### Documentación:

- Solicitude, segundo o modelo que figura como anexo III, no seu caso anexo IV
- Proxecto de intervención detallado segundo o modelo do anexo VIII
- Autorización, segundo o anexo IX, do cónxuxe da persoa solicitante ou parella de feito, así como das persoas a cargo da persoa solicitante, para a consulta pola DXMPD dos datos de identidade, residencia, renda (IRPF) e de toda clase de pensións e prestacións sociais percibidas. Caso contrario, deberán presentar a documentación relacionada con esta información
- Outra específica en función do obxecto da axuda solicitada (consultar as bases).

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 10 a 13:30 horas, e os martes e venres de 9 a 13:30 horas.**

Pontecesures, 11 de abril de 2017

O ALCALDE,

Juán Manuel Vidal Seage